

Angelines Jar Taboada

VILATUXE, LALÍN, 2/3/ 1931

Con 14 anos, Antonio Jar Dobarro abandonou a aldea lalinense de Castro, onde nacera, e marchou a Buenos Aires buscar vida. Como era o único fillo varón das tres criaturas que tiveran José Jar Cobas e María Josefa Dobarro Villaverde e non lle puideran dar moita escola, o seu pai mandouno axiña seguir os pasos de emigrante que dera o seu propio irmán. Mais, aínda que emprendedor e moi traballador, o rapaz era delicado de saúde e, como tampouco as cousas estaban tan ben na Arxentina, aconsellado polo tío regresou axiña da que sería a súa primeira experiencia na emigración. Porén en 1916, con vinte anos, Antonio casa cunha rapaza con máis posibles, Carmen Taboada, e para acalar as reticencias da familia política, volve coller un barco, desta vez rumbo a Cuba:

“Papá era moi emprendedor e moi traballador. Era dunha aldea chamada Castro que daquela eran carreiros, non había nin pista. Aos vinte anos casou con mamá e non llo querían porque mamá era da parroquia de Barcia, dunha aldea que se chama Ribela, e era unha casa moi rica en prados, en fincas, e tamén tiñan capital... Era unha casa forte e non llo querían. El aprendera a traballar desde rapaz de canteiro así que, xa casado, buscou a vida marchando a Cuba”.



Alí, conta a familia, Antonio Jar Dobarro, alcumado *Barbote*, imprégñase da ideoloxía que o ía acompañar xa toda a súa vida, a pesar do curta que foi tamén a súa segunda estadía na emigración:

“El marchou a Cuba e estaba na Telefónica. Botou alí un tempo pero enfermou e dicíanlle que era o clima que lle afectaba. Púxose moi mal e veuse. Dixéronlle que se volvía, que alí quedaba o seu expediente, que estaban contentos, pero estaba enfermo e veu. Unha vez contaba que cando volveu veuno visitar un á casa e cando marchaba mamá acompañouno pola escaleira. O home díxolle:

-Ai muller, é unha pena que quedes soa tan nova, pero non lle hai que facer.

Porque crían que el morría, estaba moi grave. Entón mamá despediuno chorando e así que secou as bágoas volveu e papá, que se deu conta, díxolle desde a cama:

-Que? Xa che deu o pésame? Que dixó, que vas quedar viúva? Pois non te preocupes que a min paréceme que aínda non vou desta”.

E así foi. E aínda que a saúde reduciu o tempo do periplo cubano e axilizou a volta a Galiza, o compromiso político que alí aniñara xa ficou e durante a II República chegou a ser tenente alcalde en Lalín por Izquierda Republicana. Era, sobre todo, un orador moi destacado que compartiu tribuna con persoeiros como Castelao, segundo conta a súa neta. Desempeñando o seu traballo no Museo de Pontevedra, Ángeles Tilve Jar atopouse en varias ocasións co nome do seu avó:

“Eu non o coñecín, morreu antes de que eu nacera, pero din que era unha persoa que tiña un gran poder de oratoria. Non tiña estudos pero cultivouse nos círculos galeguistas en Cuba e, a partir de aí, empezou a meterse en política. Cando veu Casares Quiroga dar os mitins en Galiza presentábo el, na prensa de Madrid aparece o nome del. E unha vez que fun onde Laxeiro darlle uns cadros que tiña para unha exposición, ao ver o meu nome díxome:

-Jar? Ti non serás de Lalín?

-Son! Vaia, eu non, miña nai...

-Non serás de Antonio Jar?

-Si!

-Como falaba aquel home! Mira que teño visto xente falar pero como falaba aquel home... non vin ninguén falar así... Facía caer as pedras...’.

Era unha persoa con poder de oratoria, con facilidade para as relacións persoais sendo dunha aldea”. [Ángeles Tilve Jar, filla de Angelines.]

A filla de Antonio corrobora que o seu pai “tiña don de xentes e axiña se relacionaba”. Explica, por exemplo, que foi íntimo amigo do doutor Amancio Caamaño (“Lembro que ía pola rúa falando e sempre o collía do brazo, Amancio ao meu pai, sempre o collía do brazo”), elixido presidente da Deputación de Pontevedra



en maio de 1931, nos albores da II República. Os dous militaban en *Izquierda Republicana*. Os dous ocuparon cargos. O historiador Manuel Iglesias debullou nun artigo do Faro de Vigo, baixo o título *Antonio Jar Barbote, o republicano de Vilatuxe*, as principais liñas da súa traxectoria política:

“Membro do Centro Republicano de Lalín, converteuse nun dos líderes do republicanismo deza. Encabezou a lista republicana polo distrito de Vilatuxe nas eleccións municipais do 5 de xuño de 1931. Foi elixido concelleiro e o 20 de xuño tomou posesión, sendo designado segundo tenente de alcalde na corporación que presidiu Manuel Ferreiro. Ao constituírse as comisións municipais o 4 de xullo foi nomeado presidente da Comisión de Instrución Pública. Jar foi un dos concelleiros máis activos na Corporación, autor de varias propostas tendentes a depurar o caciquismo, como a de cambiar o réxime da beneficencia municipal, facendo desaparecer as prazas de médicos e farmacéuticos titulares para que os beneficiarios puidesen acudir ao que eles decidiran. Tamén foi o encargado de instruír o expediente para revisar as contas do concello da época da ditadura. Logo da suspensión do primeiro tenente de alcalde José Taboada Rodríguez, Jar pasou a ocupar o seu posto. A corporación nomeouno representante do Concello de Lalín na Asemblea para o debate do Estatuto de Galicia celebrada en Compostela en decembro de 1932. Ante a deficiente xestión que se viña levando a cabo, designárono para ocupar o posto de recadador de cédulas de Lalín.

Durante todo o período continuou ostentado cargos na directiva do Centro Republicano lalinense, adscrito á *Organización Republicana Gallega Autónoma*, e en xaneiro de 1934 foi elixido membro da Executiva provincial do Partido Republicano Galego.

Logo da vitoria da dereita nas eleccións de novembro de 1933, césano como recadador. O novo goberno vai destituíndo todas as corporacións democráticas. Á de Lalín tocoulle a quenda en agosto de 1934 e Jar, xunto cos seus compañeiros, foi suspendido. Os republicanos lalinenses integráronse no novo partido *Izquierda Republicana* e Jar foi elixido presidente do comité de Lalín, e despois delegado na Asemblea provincial. Foi el o encargado de presentar o mitin de Casares Quiroga que se celebrou na capital do Deza o 8 decembro de 1935, dirixíndose ás persoas asistentes en galego para defender a actuación da corporación democrática lalinense e criticando a xestora radical que estaba no goberno local. (...) Co trunfo do *Frente Popular* en febreiro de 1936 foi repostado como concelleiro. Case de inmediato prodúcese un conflito entre os republicanos e Jar ten que ceder a presidencia de *Izquierda Republicana* a Manuel Ferreiro. O enfrontamento mantense e o 4 de marzo, nunha tensa sesión plenaria que preside o delegado do Gobernador, Antonio Jar, que conta co apoio doutros dezaseis concelleiros, presenta unha moción de censura contra Ferreiro. Pide a súa renuncia como alcalde presentando unha candidatura alternativa. O delegado suspende a sesión sen que se produza a votación. O conflito soluciónase coa intervención do Gobernador Civil, que dissolve a Corporación, destitúe a Ferreiro, Jar e os concelleiros que o apoian e nomea unha xestora que preside o galeguista Xesús Golmar con novos edís. Jar retirase da actividade pública.”

Quizais foi esa retirada a que lle salvou a vida no tempo do medo, a pesar do intensa que fora a súa participación política:

“Atopei información dun mitin galeguista no que falaban Castelao e Paz Andrade, e contaba Paz Andrade que tiveran que suspendelo porque os galeguistas tiñan tres persoas mentres que no acto de *Izquierda Republicana* tiñan moita xente. E engadía Paz Andrade: ‘Claro é que tiñan uns rapaces moi bos como Antonio Jar e



Ferreiro', o alcalde que mataron. E despois, cando xa se uniron (na Fronte Popular), o primeiro mitin que deu Castelao á volta do desterro en Badajoz dérono xuntos, Castelao e o meu avó. Cando volven Castelao e Bóveda, o primeiro mitin que dan fano co meu avó. Debía ser moi interesante a súa personalidade; dáme magoa non poder preguntarlle cousas porque ademais eu estiven investigando un pouco e non hai moita bibliografía. Mais sospeito que era masón, como Amancio e Maqueira". [Ángeles Tilve Jar, filla de Angelines.]

O historiador pontevedrés Xosé Álvarez Castro comparte coa neta a sospeita da pertenza de Jar á masonería. "Un dato que apunta á súa probable pertenza á masonería é a estancia en Cuba, xa que era habitual que os que estiveran en América, sobre todo en Cuba ou Porto Rico, se afiliaran pois alí era moi corrente", explica.

No seu blog, *Pontevedra nos anos do medo*, podemos ademais atopar outras pistas que conducen ao mesmo resultado. Por exemplo, a amizade de Antonio Jar co farmacéutico pontevedrés Joaquín Maqueira, tamén destacado integrante de *Izquierda Republicana* e "venerable" mestre da loxa masónica pontevedresa Hele- nes número 7, á que, explica Álvarez Castro, pertencía co nome simbólico de *Ives Delage*. De feito, nunha carta que desde Madrid envía a Maqueira en marzo de 1935 o mestre vilagarcían Manuel Guillán Abalo, tamén masón, de nome simbólico *Fermín Galán*, faise referencia a "Jar", probablemente Antonio Jar Dobarro, preguntándolle Maqueira se Jar se atopaba ben. No blog, Álvarez recolle o paragrafo exacto da misiva: "¿Pintos estudia mucho? ¿Como está el ánimo de Sarmiento? ¿Y Jar? ¿Habeis premiado la labor del de Tuy [*Manuel Vicente Álvarez?*] y del de el Barco de Valdeorras [?] Le denomino así por precaución", escribe Guillán.

E, en base ao seu coñecemento da masonería pontevedresa, Álvarez Castro identifica os nomeados: "Aínda que non hai total seguridade na atribución que propoño, apunto unha moi breve referencia de cada un: Basilio Pintos Fonseca, grao 1º, nome simbólico *Fraterno*; Delmiro Sarmiento, capitán retirado, militante socialista detido en outubro de 1934; Antonio Jar Dobarro, de Vilatuxe, concelleiro en Lalín por *Izquierda Republicana*, detido tras o golpe militar, morreu en Salcedo; Manuel Vicente Álvarez, funcionario de prisións en Pontevedra (1933-36), masón, veciño de Tui".

Máis alá da súa probable pertenza á masonería e a súa notoria inquedaanza política, nacida naquel segundo periplo na emigración que a súa mala saúde tam- pouco deixou durar demasiado, de Antonio Jar Dobarro destaca tamén o seu espírito emprendedor. Da súa traxectoria laboral sabemos que en 1919 foi nome- ado carteiro de Vilatuxe e, como explicaba o artigo de Iglesias, en 1932 recadador de cédulas. Ademais puxo en marcha varios negocios; o primeiro, unha taberna que atendía a súa muller, María Carmen Taboada Rozados:



“Na nosa casa daquel tempo, en Lalín, había unha tenda mixta que tiña ferretería, mercería, taberna... había de todo. Ao vir papá de Cuba comprou o terreo, fixo a casa e eu xa nacín alí. Eran tendas que vendían de todo, tendas mixtas. Papá tiña un camiión e levaba patacas a Vigo e traía peixe, que logo co tempo asociouse cos de Carballés e puxo un almacén de patacas en Vigo. Pero xa antes de Cuba el arrendou unha casa alí, en Vilatuxe, máis abaixo de onde foi despois a nosa, e arranxouna, puxo unha taberna e quedaba mamá alí. Xa tiñan a José, era pequeniño. Entón el marchaba a traballar. Traballaba de canteiro pero viña moi tarde e ao mellor chegaba e encontraba a porta (da taberna) pechada. Iso contábao el porque falaba moito dela. Falaba moitísimo de mamá, moitísimo. Queríaa moitísimo. E contaba que a atopaba de camiño cunha bolsa e co neno no colo e dicíalle:

-Pero ti, muller, como pechas a porta? A porta non se pode pechar!

-É que non viña ninguén...

-Pero aínda que non veña ninguén, aínda que só veñan buscar unha caixa de mistos, hai que estar alí porque se un día veñen e está pechado, xa buscan de ir a outro lado, porque a porta nunca se pode pechar.

-Pero, mira, xa levo aquí un cacho de xamón, unha bola de pan, chourizos...

-Si, pero non se pode pechar a porta...”.

Angelines é a máis pequena das cinco criaturas que tivo o matrimonio pero, grazas ás historias que o seu pai lle contaba sobre a súa muller, e tamén grazas ás lembranzas compartidas polo seu irmán maior, José, que sempre lle falaba daquel tempo, atesoura retallos da vida dunha nai que perdeu cando só tiña dous anos e tres meses, no parto doutro bebé tamén morto aquel día.

“Non deu a luz porque tiña a criatura atravesada e daquela non se facían cesáreas como agora. Eu era a máis pequena e de mamá non teño nin unha luz, nada, nada. Só teño unha cousa, dunha vez que estabamos na cociña. Tiñamos unha cociña grande e eu choraba, choraba, estaba no colo doutra muller e choraba por ela”.

No álbum familiar consérvase unha foto tomada o día de San Lourenzo, o 11 de agosto de 1933, aos dous meses de morrer María Carmen Taboada. Era o día do patrón e a avoa materna, de loito e con rostro demudado pola tristeza, posa co xenro e José, Gonzalo, Antonio, Leonisa e Angelines, as cinco criaturas orfas, vestidas de rigoroso loito.

“Viñeron a Pontevedra, que estaban na aldea, e foron á de Barreiro, o fotógrafo, que era amigo do avó porque tamén era roxo, e fixeron unha foto. Terrible, todos de loito”. [Ángeles Tilve Jar, filla de Angelines.]

Foi ese día, dous meses despois do pasamento, cando Leonisa, a maior das dúas nenas de Carmen, que daquela tiña doce anos, regresou ao fogar familiar logo de semanas afastada intentando superar o impacto que lle produciu o pasamento da súa nai. Foi tal o seu bloqueo que o doutor Amancio Caamaño decidiu levala para



a súa casa, intentando que na compañía dos seus superase un trauma que mesmo a deixou muda un tempo:

“A miña tía toleou á morte da súa nai. Non falaba da avoa máis que para contar do día que morreu, dos berros de dor da nai, de que non daba parido... E era tal a relación persoal do meu avó co doutor Caamaño que a trouxo para a súa casa e estivo semanas na casa del, coas fillas, co fillo”. [Ángeles Tilve Jar, filla de Angelines.]

Fórona buscar á capital o día de San Lorenzo, para fuxir da festa que na súa aldea homenaxeaba o patrón. A pesar do mimo do doutor, a Leonisa aquela dor quedoulle entullada e nunca logrou falar con normalidade da súa nai.

Antonio Jar casou ao pouco con Josefina Castro Rodríguez, que era de Madriñán, aínda que estivera moito tempo na Arxentina. Angelines criouse con ela e non ten para ela máis que verbas de cariño:

“Cando empecei a ter coñecemento xa estaba ela na casa, foi a que coñecín e deume moitísimo mimo. Eu quería moitísimo e crioume con moitísimo cariño”.

Até o golpe de Estado, os Jar seguiron mantendo a tenda e ademais alugaban algún cuarto a persoas coñecidas, sobre todo mestres, o que facía que aquela casa estivera sempre chea de xente, incluído un rapaz co que a neta de Antonio volvería coincidir, xa convertido en afamado pintor:

“O noso era un establecemento público e xuntábase a xente alí, como non había coche de liña... viñan os mestres, ao mellor ían á casa algunha fin de semana pero era terrible, coller a liña, ir e vir e nesas estradas, terrible!. E como daquela non había corrente e nós tiñamos unhas lámpadas grandes con brazos de carburo, a xente xuntábase na nosa casa, que tiña un espazo grande diante. Nas paredes había unhas argolas redondas para atar os cabalos e Laxeiro, cando era novo, viña cun cabalo branco e atábao alí, nas argolas aquelas. Papá axudou moito a Laxeiro, que foi bolseiro na Deputación cando estaba Caamaño. Daquela non tiña nada e debía ter algo de maña para cortar o pelo e afeitar, que lle comprou a papá os trebellos de afeitar e pola feira, que alí en Vilatuxe había a feira do día 8, cortáballe o pelo á xente. Non tiña un peso e cortaba o pelo, que a un deixoullo de verán (Ri)”.

Pero chegou o golpe e todo mudou. Os fascistas castigaron o apoio de Jar á II República. Segundo explica Xosé Álvarez Castro, nun primeiro momento non foi detido pero acabárono prendendo o 8 de novembro de 1936, tras unha denuncia, da que a súa familia non dubida en sinalar autoría. Na documentación que conservan o historiador e a propia neta de Antonio, constátase que ingresa en prisión dous días despois, o 10 de novembro de 1936. Incóanlle a causa 196/37 e é xulgado en Pontevedra nun Consello de Guerra celebrado o 1 de marzo de 1937. Aínda que foi absolto e a sentenza absolutoria foi firme o 13 de marzo, non o deixaron en liberdade até o 22 de maio, polo tanto, máis de seis meses despois da



súa detención. Cando se produciu, a súa filla pequena tiña cinco anos e xa garda lembranzas claras:

“Cando viñeron buscar a papá, José estaba na guerra, Gonzalo non porque tiña quince ou dezaseis anos e estaba na casa. Tamén estaba o señor Manuel, un home moi educado que estivera en Buenos Aires e traballaba con nós. Cando non estaba papá, estaba el no mostrador, porque despois de morrer mamá seguimos coa tenda que puxo ao vir de Cuba. Cando o prenderon, estábamos na cama. O meu irmán Antonio e eu eramos rapaces pequenos e espertamos cos berros, cos choros de miña irmá Leonisa e da tía”.

A tía é o cariñoso apelativo que utiliza Angelines para referirse á segunda muller do seu pai, coa que non tivo descendencia. Aquela terrible noite do 8 de novembro, tras a detención do seu home, Josefina quedou chorando mentres o fillo e o empregado de Antonio percorrían as cunetas de Vilatuxe a Lalín, pregando por non atopar o seu cadáver:

“Cando o prenderon, espertaron e levantáronme. A habitación era arriba. A casa tiña catro cuartos e un salón grande no medio que era onde estaban eles. Foi horrible, porque acababa de vir a Garda Civil buscalo. Eu iso non o vin porque estaba durmindo. Cando baixei xa o levaran. Entón marchou o meu irmán Gonzalo co señor Manuel andando até Lalín, ver se o mataran polo camiño ou se chegaran a Lalín con el... ían polo camiño e oían tiros...”.

Pero a Antonio non lle deron o paseo, nin o levaron ao calabozo directo, antes usárono como cebo para intentar deter o seu amigo Marcelino García.

“A papá levárono para prender un amigo, Marcelino García, que estivo agochado toda a guerra, moitos anos, ao principio na casa... Era íntimo amigo de papá. Acórdome de velo que usaba unha gabardina branca, todo delgado e viña alí; moitas veces estaba alí charlando con papá na tenda... papá chamáballe García”.

A biografía de García recóllea Manuel Iglesias noutro artigo tamén publicado polo Faro de Vigo. Foi mestre e secretario do Centro Republicano de Lalín no momento da súa formación, en 1930, baixo a presidencia de Manuel Ferreiro, o logo alcalde da cidade asasinado polos fascistas en Campañó o 27 de agosto. Ferreiro tamén contaría con el, como vogal, na Xunta Xestora constituída no Concello tras a proclamación da II República. Non se presenta ás eleccións municipais de xuño de 1931 pero tras elas convértese en funcionario, acadando o posto de Recadador de Imposto de Utilidades, departamento no que tamén traballa Jar, compañeiro seu en *Izquierda Republicana*. Tras o golpe agóchase e os gardas utilizan o seu amigo para intentar dar co seu paradoiro. Pero Antonio usa unha argucia e é quen de avisalo:

“Fixeron ao meu avó chamalo á porta da casa, el estaba alí pero o meu avó dixo algo, non lembro a frase, pero dixo algo para que o outro se dera conta de que era unha trampa e agochouse. Cando a Garda Civil entrou, a cama do amigo estaba quente pero a irmá, que fora a que se levantara a abrir a porta, dixo que estaba ela durmindo alí”. [Ángeles Tilve Jar, filla de Angelines.]



Angelines repite a historia escoitada ducias de veces na súa casa:

“A irmá foi a que se levantou a abrir a porta. Ela durmía noutra cama, coa nai ou xa estaba casada, non sei... E ela díxolles que el non estaba, que xa facía tempo que non estaba e non sabían del. Entón parece que lle toca a cama o garda e que lle di:

-Como está esta cama quente?

-Porque estaba eu nela e cando chamaron á porta fun abrir... pero aí estaba eu.

Era a cama del, a habitación del”.

Non chegaron a atopalo e, segundo o relato tanto da familia Jar como de Manuel Igrexas, permaneceu moito tempo agochado. Igrexas di que estivo nunha casa do Outeiro, na veciña parroquia de Barcia, e que de alí pasou a Millarada, no concello de Forcarei, onde, segundo o recollido no seu artigo “Marcelino García Villar, 30 anos fuxindo”, chegou a poñer escola cunha identidade falsa. “Cando se publica o decreto polo que se concede indulto total aos condenados por delitos de rebelión militar a pesar das dúbidas sobre a súa fiabilidade, decide presentarse na Comisaría de Pontevedra o 20 de novembro de 1945 para normalizar a súa situación. Queda en liberdade provisional, pero ante o temor a ser detido, volve fuxir. Refúxiase na aldea de Grobas. Durante estes anos retoma os seus estudos de Dereito, examinándose en Salamanca de Dereito Civil e Dereito Penal en setembro de 1946, e entre xuño e setembro de 1947 supera sete materias máis”.

Volve entón presentarse ante as autoridades pero é época de grande actividade da guerrilla e o abandono da clandestinidade complícase, como explica Iglesias: “Desde 1946, e sobre todo a finais do ano 1947, a actividade da guerrilla medra na zona central de Galicia coa presenza do grupo de Benigno Andrade, Foucellas, e a articulación do grupo dos *Corcheiros* en Silleda (...) Creáronse novos destacamentos da Garda Civil en Prado e Vilatuxe e intensificáronse as detencións, os interrogatorios e as torturas a todos os sospeitosos de colaborar cos guerrilleiros. Marcelino, ante o temor de ser complicado novamente, preséntase ante o comandante o 5 de outubro. Queda en liberdade, pero en decembro recibe unha citación do Xulgado de Lalín. García, que teme ser detido, volve desaparecer. En contacto cos exiliados e emigrados de Lalín en Buenos Aires aconséllanlle que marche, pero non pode facelo. Mantense na clandestinidade con ocasionais visitas e estadias na casa familiar de Soutolongo. En 1952 consegue rematar a carreira de Dereito en Salamanca. Nunha das visitas ao domicilio familiar, en agosto de 1957, foi detido pola Garda Civil, que lle atopa unha pistola. Ábrenlle un sumario por tenza ilícita de armas e logo duns días no calabozo, póñeno en liberdade. En setembro desaparece con destino a Vigo, probablemente coa intención de embarcar para América, pero non o consegue. Regresa ao Deza e permanece



agochado, onde conta co apoio da familia e dalgúns veciños. Finalmente a Garda Civil recoñéceo en Prado o 19 de xuño de 1965 e volve detelo. Encérrano na prisión até o 3 de agosto, cando é definitivamente liberado sen cargo ningún. Marcelino, que ten xa 61 anos e está enfermo, vai vivir a Soutolongo coa súa irmá, Aurora García, e dedícase a asesorar a veciñanza en cuestións legais. Morre uns anos despois, o 8 de novembro de 1970, sen poder contemplar o final dunha ditadura que o obrigou a permanecer fuxido durante 30 anos”.

A Jar, logo de detelo na casa e levalo á de Marcelino, trasládano ao cárcere de Lalín. A súa filla está convencida de que foi o feito de ser unha persoa moi coñecida na vila o que lle salvou a vida:

“Coñecía xente na Garda Civil e iso salvouno. Se o chegan a levar os cívicos non se salva. Non é porque o diga eu, que son a súa filla, pero era un home honrado, traballador, aínda que mataron moita xente boa... como Amancio (...) En Lalín estivo pouco. Como tiña boa relación co Garda Civil que o levou a Pontevedra, preguntoulle se quería ir pola Estrada, que era mellor estrada, ou pola súa casa.

-Eu agradézolle que pola Estrada...

Por non ver a casa xa...”.

Angelines explica que a denuncia que conduciu ao arresto fíxo a unha antiga amizade do seu pai:

“A papá denunciouno un veciño que tiña unha tenda tamén, unha taberna e unha casa boísima, preto da nosa. Era fillo de ricos, de alí de Afonsín. E fixéronlle a casa os pais, porque el de traballar non entendía. Tiñalle envexa a papá porque papá era traballador, emprendedor. Foran amigos de novos. Papá contaba que unha vez foran a unha festa, chovía moito e tiñan que pasar un regato que había, pero chovera tanto que os pasaldres xa tiñan auga por riba... Pero dicía papá que un agarrou o outro:

-Pois temos que pasar que, se quedamos aquí e non chegamos á casa, van pensar que nos pasou algo... Se afogamos, afogamos os dous, pero temos que pasar ao outro lado”. Dician así estas palabras, e pasaron agarrados un ao outro. Pois ese home declarou en contra do meu pai no Consello de Guerra. E non estaban pelexados pero era de dereitas e aproveitouse”.

A familia conta tamén que a pesar de ser amigos, o home acusou a Antonio Jar en falso, chegando a marearse no Consello de Guerra, durante o cal, segundo conta a súa filla, Jar pediu permiso para falar en galego. Prohibíronllo:

“O que denunciou ao avó mareouse no Consello de Guerra. O avó pediu permiso para falar en galego e dixéronlle que non.

-Pero mire, é que llo digo porque teño pouca cultura e en castelán cometo moitas faltas todavía...

-iHabla como sea pero en castellano!



Falou e dixo que todo do que o acusaban era mentira.

-Estaba presente el que me denunció y, como ven, hasta se mareó y yo, que estoy aquí jugándome la vida, si ustedes creen eso de lo que me acusa, y no me mareo, estoy aquí diciendo la verdad.” [Ángeles Tilve, filla de Angelines Jar.]

Absolvérono pero impuxéronlle unha multa de vinte mil pesetas, conforme ao recomendado no fallo da sentenza: “*Fallamos que debemos absolver y absolvemos libremente al procesado ANTONIO JAR DOBARRO, llamando respetuosamente la atención de la Autoridad Judicial sobre este procesado, pues si bien el Consejo no encuentra pruebas suficientes para dictar una sanción, aparece de autor ser militante extremista, y por ello, pudiera sancionarse su actuación, imponiéndole una fuerte multa, todo ello dentro del orden Gubernativo*”.

Jar négase a abonala, a pesar de que tardaban en deixalo en liberdade, e Josefina, a súa muller, ofrécelle pagala. Pero el rexéitao e, xa libre, recorre a sanción unha e outra vez e consegue evitar o pagamento:

“Ao meu pai absolvérono pero puxéronlle unha multa de vinte mil pesetas que lle condonaron no 48 porque el sempre se negou a pagar. A tía quería pagala; ela tiña cartos porque herdara dun tío sen fillos, e el díxolle:

-Como vaias pagar esta multa, que eu non debo nada, cando salga non te quero ver, déixote.

E non pagou, presentou recursos e veña a presentar recursos”.

Na investigación sobre o seu avó, Ángeles Tilve atopou documentación que gardara o procurador José Rodríguez Dios onde, para ser liberado da multa, Jar alegaba que non podía facerlle fronte porque non tiña cartos, tiña fillos menores e o maior quedara mutilado cando fora loitar pola patria. Conseguiu ir adiando o pagamento e en 1947 condónanlla, dado o tempo pasado desde a imposición e o feito de que fora absolto no proceso.

Aínda así, foron meses de cárcere, anos de loita e unha marcaxe sobre a súa familia que desde a súa detención, en novembro de 1936, quedou marcada por roxa:

“Cando os nacionais tomaban unha vila tirábanos pedras á parte de atrás, onde estaba o forno. No medio había un curral grande e pasaba a estrada por preto da casa. Atrás había un almacén e un forno e apedrábanos”.

Ademais, a tenda sustento da economía familiar foi precintada:



“Cando o levaron preso foi un señor precintar a tenda. Estabamos todos menos José, que xa estaba na fronte. E entón Leonisa púxose a chorar e dicía:

-Señor, señor, e agora de que imos vivir? Porque o meu pai está preso! Se Franco é tan bo por que quere que morramos de fame?

E vese que o señor que foi era boa xente porque lle tocou a cabeza e díxolle:

-Tes razón”.

Mentres tanto, o maior dos cinco irmáns pelexaba no bando que perseguía a súa familia. José fora voluntario facer o Servizo Militar e poucos días antes do Golpe de Estado, o seu pai levouno á Coruña para ingresar no exército. Tiña dezoito anos. Ao producirse o golpe, marchou á fronte de batalla e xa nos primeiros momentos foi ferido e quedou sen parte do brazo esquerdo e parte da perna dereita, ademais de con metralla interna que nunca lle puideron quitar e que lle provocou secuelas durante toda a vida: “A cada paso púñase mal”. Cando foi ferido estaba en Aragón e aínda non cumprira os dezanove anos. Nin sequera foi no campo de batalla:

“Estaba na entrada dunha trincheira, matando os piollos da capota, porque había moitos piollos. De feito, dunha vez que estivera un pouco mal e viñera de permiso, no capote trouxo uns piollos tan gordos!!! Acórdome diso, que para quitarllos, escaldáranlle a roupa e todo. Aquel día estaba cuns compañeiros, facía sol e aproveitaban para sacar os piollos das cousas. Pero pasou un avión contrario, botou unha bomba e morreron todos excepto el”.

De feito, pensaron que tamén morrera e chegaron a comunicarllo á familia:

“El debeu quedar debaixo doutros e dérono por morto tamén. Chegou un telegrama de que falecera e acórdome que estabamos nunha daquelas potas grandes tinxindo a roupa toda porque, claro, había que tinxir a roupa daquela... vaia... entón dalí a uns días veu outro telegrama dicindo que estaba no hospital e alí estivo moito tempo. Cando espertou estaba no País Vasco, perdera a identificación e por iso o deran por morto, até que el recuperou o coñecemento e dixo quen era”.

Aínda que non adoitaba falar do que pasara na fronte, co tempo José Jar contou-lle á súa sobriña como fora aquel accidente:

“Falaba moi pouco do tema pero un día, sendo moi maior, contouno todo. Que estaban cantando unha canción e que estaban *fulanito* e *menganito*, contaba, cando caeu a bomba. E que cando espertou dixo quen era e foi buscalo o avó, que daquela xa saíra do cárcere. Espertou no País Vasco e trasladárono a Valdecilla (Santander), que foi a onde foi buscalo o avó”. [Ángeles Tilve, filla de Angelines Jar.]

Logo, á saída do cárcere, a familia deixou aquel Lalín onde estaban marcados e marchou para Pontevedra, convivir con algo que era novo para eles, a fame:



“Alí na tenda había conservas e de todo... e logo nada. Cando viñemos para Pontevedra era inverno e non tiñamos comida. A finca era moi grande pero non tiña nin un brote de verdura, non había nada”.

Elixiran Pontevedra para o exilio interior por causa da amizade que no tempo do cárcere fixera Jar con Antonio Dios, da familia do Ferreiro do Pino. Tras asasinar salvaxemente o seu fillo maior, Edelmiro, os fascistas detiveron a Antonio e ás súas dúas fillas maiores, Tucha e Fina, que ademais foron rapadas e ás que se lles prohibiu exercer como mestras durante os corenta anos que durou a ditadura. Durante os cinco meses que estivo preso, Dios forxou unha estreita amizade con Jar que duraría toda a vida. E foi el quen lle falou dunha finca de Salcedo que se convertería no seu novo fogar:

“Cando estaba preso, o meu pai dicíalle ao señor Antonio que se non o mataban e volvía para Vilatuxe que non quedaría alí, que ía buscar outro sitio, así que Antonio Dios díxolle :

-Eu son do Pino; ti non coñeces pero é pretiño da vila, e hai unha finca moi boa dun militar.

Era Manolo Casas, que era unha familia rica de Salcedo. Tiña unha finca moi grande na Boullosa e un pazo, piñeiros e todo... Alí só ían de veraneo, tiñan un caseiro e a finca estaba abandonada. Aínda había algún poste de pedra pero o que é madeira, todo tirado... As viñas non eran como agora de cemento, rareaban os pinos e facían as parras...

O señor Antonio dixéralle que a vendían e entón o meu pai comprouna. Cando o soltaron foi vela e gustoulle porque tiña moi boa vista, que quedaba no alto e vías toda Pontevedra. Así que arrendou a casa de Vilatuxe, que era propiedade xa en vida da miña nai, e comprou a finca. Viviamos cerca dos Ferreiros e tiñamos moita relación con todos”.

Angelines nunca foi ver o seu pai ao cárcere, aínda que conserva un xoieiro que fixo naquel tempo:

“Fíxonos xoieiros mentres estivo no cárcere, onde está agora a Audiencia. Un era para tía Josefina, outro para a miña irmá e outro para min de cor rosa. Estaba feito con papel, pero eu era pequena e non o conservei, pero si conservamos o que lle fixo á tía”.

Josefina ía cada domingo velo acompañada dun dos nenos maiores. Como José estaba na guerra, facían quendas Leonisa e Gonzalo:

“Cando viña Gonzalo e quedaba a miña irmá con nós, comiamos o que a miña irmá facía; pero cando ía ela e quedaba o señor Manuel comiamos patacas cocidas con aceite, así, a granel”.

Nada comparado coa fame que chegou despois.



“Viémonos para Pontevedra e as fincas da miña nai quedaron alá... Daquela, para que alguén che traballara unha finca que tiñas a monte, ti dábaslle a finca e a persoa dábatche a metade do que producía. Arrendábaslla pero en vez de cartos, porque non había, dábanche a metade dos froitos. Así que ter tiñamos até trigo porque en Lalín bótase moito trigo. Trigo, millo, fabas, patacas, de todo... pero non o podíamos traer porque cho comisaban. Andaba a Garda Civil pola estrada e quitábancho”.

Pero nos malos tempos, xunto á mala xente, xurdía a boa, e nesa etapa os Jar coñeceron a solidariedade da veciñanza de Salcedo:

“Había un home que coñecía papá -o americano do Pino chamábanlle, porque estivera en América- que tiña panadería e ás veces mandábanos por unha rapaza que criaran eles unha bola de pan. Traíanola polo piñeiral pero escondida eh! Porque o pan de fóra da ración da panadería era estraperlo e non se podía... E o pan que che daban na ración rascaba na boca, era horrible, malísimo e un boliño de nada”.

Dentro desa xente solidaria, Angelines destaca o matrimonio formado por Severino Carro (que como era secretario da Sociedade de Agricultores e Gando tamén andivera agochado nos primeiros momentos tras o golpe) e Amelia Sobral, que vivira o asasinato do seu propio irmán, Abelardo, a mans dos golpistas. Co tempo, o matrimonio emparentaría cos do Pino pois un fillo do señor Antonio, Toñito Dios, casaría con Araceli Torres, irmá do futuro xenro de Amelia e Severino. Daquela, Pastor Torres andaba fuxido pola súa militancia no Partido Comunista e a súa futura muller, Lali Carro, a filla do matrimonio, aínda era nova, tiña no 36 trece anos.

“O meu pai coñeceu a Severino, o sogro de Pastor, que era o encargado de Boullosa e tiveron moitísima relación, eran como da familia. Lali era da idade de Leonisa. O señor Severino sabía da nosa situación, que das fincas non estaba chegando nada, que non tiñamos e entón, cando cocían, a señora Amelia gardábanos pan e cando era tempo de froita traíanos froitiña. Lembro que chegou un día cunha cestiña con pan e froita. Era unha muller boísima”.

Pero a caridade da veciñanza non lograba escorrentar a fame e Jar decidiu traer ás agachadas os alimentos que lle correspondían do arrendamento das súas fincas:

“Como non tiña que darlle de comer á familia, o meu pai arriscouse. Alugou un camión e dixo:

-Ímonos expoñer, se nolo levan, lévano; total xa non temos nada...

Trouxérono e agocharon as cousas en bocois de viño. Todo o baixo era bodega e tiñamos unha fila toda de bocois. Papá quitoulles a tapa, meteron todo e volveron tapala, por se había algún chivatazo. Traían trigo (que logo había que moelo no muíño de Tablada), centeo, millo, patacas, fabas..., de todo o que daba o campo dábanche a metade. Aínda eramos pequenos e o meu pai levantounos ás cinco da mañá para darnos de comer.”



Para eles foi toda unha celebración, que quixeron compartir coas novas amizades:

“Fixemos unha festa! Viñeron o señor Severino e a señora Amelia, e os fillos todos, e cantaron a miña irmá e mais Eulalia, que cantaban moi ben. Logo a señora Amelia morreu e foi Lali a que criou os seus irmáns pequenos, a Pablito... A señora Amelia era un amor de muller”.

A relación entre as familias prolongouse no tempo. Unha das fillas de Amelia e Severino, Otilia, era da idade de Angelines e fixéronse moi amigas. E a seguinte xeración aínda foi testemuña da amizade forzada nos malos tempos:

“Severino era altísimo e delgado... a nós chamábanos a atención porque chegaba, abrazábase a miña nai e veña a bicos. Sempre paraba cos avós no panteón do cemiterio de Salcedo”. [Angeles Tilve Jar, filla de Angelines.]

En Pontevedra tamén acabou residindo Manuel Gamallo Lois, concelleiro de Cerdedo por *Izquierda Republicana*, con quen Jar tiña moita amizade, pois antes do golpe traballaba como practicante no sanatorio do seu bo amigo Amancio Caa-maño e, ademais, adoitaba acudir aos faladoiros que había na casa dos Jar en Vilatuxe.

Os Jar tíñanlle alugando un cuarto ao mestre de Eiriña, Sindo Cuñarro. Pero co golpe foi chamado a filas e o seu posto na escoliña ocupouno a súa irmá Maruja, que daquela era moza de Manuel Gamallo. Pero a Manuel prendérono e estivo na prisión provincial de Pontevedra, na illa de San Simón e no penal de San Cristóbal, en Navarra. No Consello de Guerra fora condenado a cadea perpetua e non logrou a liberdade condicional até o 21 de xuño de 1941, cinco anos despois de ser prendido. Cando saíu, Maruja xa fixera vida con outro mozo:

“A moza de Manuel estaba namoradísima del, ensinábanos a foto, ovalada, desas fotos ovaladas de antes que eran moi bonitas. Tíña na mesiña e ensinábanola, pero o sábado viñan as mestras todas de por alí arredor... non sabes? Xuntábanse na nosa casa e alí coñeceu a un de Lalín, moi guapo por certo, e namoráronse... Viña visitala alí e estaba sempre alí diante...”.

Casou con ese home e, ao igual que os Jar, foi vivir a Pontevedra, onde tamén acabou residindo Manuel tras o seu enlace con Nieves Adrio, mestra depurada durante anos polos fascistas. Ademais matáranlle o pai, o tamén mestre Germán Adrio, naquel aciago 12 de novembro en que foron fusilados dez pontevedreses. A súa viúva, Rita Sobrido, saíu adiante poñendo un taller no que Angelines aprendeu bordar e no que coincidiría con Lolita García, muller doutro orfo polo fascismo: Isidro Paz, Cané, unha das nove criaturas que tivera Ramiro Paz, fusilado o mesmo día que Germán, así como con outra das fillas de Paz, Ofelia. No tempo do silencio, Angelines lembra ver no taller outra mestra que padecería a



depuración franquista pola súa pertenza ao Partido Galeguista: Daría González García.

“Ás veces ía por alí Daría e metíanse dentro a falar. Era íntima amiga de Rita. No taller non se falaba daquilo porque ía todo o mundo aprender alí. Rita tiña moi boas mans, bordaba, cosía e tiña de clientas a mulleres dos xefes da Escola Naval”.

Como apunta Ángeles Tilve, “tiña que ser terrible traballar, ter que coser para as mulleres dos que mataron o teu home”, pero Rita soubo sacarlle a parte boa e utilizou a tarxeta do economato militar, ao que as alumnas afíns ao réxime tiñan acceso, para axudar ás que, como Angelines, estaban no lado perdedor da guerra:

“Daquela as teas eran malas porque como pola guerra desapareceron as tendas en Barcelona e por aí... e no economato si había... Eu teño aínda toallas do enxoval compradas por dona Rita na escola naval. E panos de cociña, que daquela non se coñecían. Limpabas con trapos de sabas vellas. A min encantábanme esas cousas e tróuxome panos de cociña e teas para sabas novas. Eu pagáballos a ela, claro, pero ela collíaos porque tiña carta branca no economato”.

Angelines lembra o bo facer da mestra de costura pero, como destacaron outras mulleres de familias represaliadas como Fina e Pura Paz, orfas de Ramiro, era de destacar tamén o bo ambiente que se respiraba nas súas clases:

“Rita facía uns xogos de lencería de noiva, meu Deus! Ensinábanos ao mellor os camisóns:

-Tantas puntadas para despois ao mellor envolvelo así...

Facía chistes coa cousa de que axiña lle ían quitar o camisón á noiva. Era simpática”.

Angelines acudiu ao taller de Rita sendo xa unha moza, cando o seu pai marchou de Pontevedra para traballar fóra. Desde que ao saír do cárcere mercara un camión para dedicarse ao transporte, non deixara de argallar novas formas de sacar a familia adiante, pero nunca veu a necesidade de que a súa filla, sendo muller, recibise formación para valerse por si mesma. O machismo da época non entendía de dereitas nin esquerdas e complicou moito as arelas de aprender de Angelines:

“Cando viñemos para Pontevedra, papá mercou unha vaca suíza moi boa a un que lle chamaban José o Zapateiro, que precisamente na casa dese vivían as maestrillas”.

A vaca daba moito leite pero había que andar con ela pola corda, non a podía soltar que me atravesaba ou comía na viña... con ela sempre pola corda. Entón, eu non ía á escola porque papá, que Deus lle perdoe, era moi machista. Non podía ir á costura como as demais, porque como unha irmá del que era costureira, a que



marchara para Buenos Aires, quedara embarazada de solteira, pois entón para el todas as costureiras estaban mal vistas”.

Angelines si foi á escola, pero pouco tempo, moito menos que o máis pequeno dos seus irmáns, Antonio, que chegou ao instituto. Ademais, a súa primeira mestra era do novo réxime e apenas ensinaba ás nenas a coser:

“Antonio tivo sorte porque o mestre dos rapaces, don José Ron, era veciño noso dalí de Salcedo, e era un gran mestre, boísimo, e Antonio non era tonto, que era listo e quitaba unhas notas estupendas, por iso o mestre aconsellou que fora ao instituto e foi. Eu á escola ía pola tarde e pouco. A escola de rapazas era máis para alá do Carballo do Pazo e a mestra, que xa era maior e moi de dereitas, non era boa. Pola tarde ás rapazas só lles ensinaba a coser e a min a facer palotes, palotes, palotes... nin sequera as letras, só palotes. Inda existe a casa da escola, onde don Rogelio o médico, enfrente, un pouco máis abaixo”.

As cousas melloraron cando Angelines acudiu á escola das “maestrillas”:

“Eran unha señora con tres fillas e a nai, que xa era unha señora maior. O home estaba preso e ela era mestra pero tamén lle quitaran a escola. Entón viñeron para alí, para a casa de José o Zapateiro, que lla alugou barata. Arriba tiñan a escola pero non estaba separado sequera e durmían no chan. Ás veces cando íamos tiñamos que agardar un pouco porque tiñan na parte de atrás como un corredor, como terraciña con varanda e, como durmían no chan, agardabamos alí até que levantaban todo, mantas e todo, e alí nos puñamos para dar clase. As pobriñas vivían nunha miseria absoluta. A nai dela, que era unha señoriña maior, ía ás vías porque os trens circulaban a carbón e ao mellor saían de aquí da vía cargados e caían cachos e ela ía co saco coller anacos de carbón para logo quentarse. As fillas non eran mestras pero unha delas tamén daba clase”.

A Angelines deulle clase a nai, da que non lembra o nome. Soubo verlle a capacidade que non podía ter demostrado entre *palote* e *palote*, e quixo que fora mestra:

“Ela sempre me dicía:

-Dille ao teu pai que veña, que é unha magoa que non estudes, que te fas mestra.”

Pero o seu pai non a deixou estudar e a ela aquilo quedoulle entullado e sempre lle repetía ás fillas:

“-Tendes que estudar, que eu non puiden facelo”.

De feito, se foi onde as “maestrillas” foi grazas a súa “tía” Josefina:

“Soubemos que había aquilo e foi a tía a que me levou falar con elas e todo. Ela defendía que eu tiña que estudar pero ao final non podía porque, mentres a miña irmá estivo solteira, muxía a miña irmá a vaca, pero logo tiña que facelo eu porque a tía botara moitos anos en Buenos Aires e tíñalle medo. Ela, o rural nada... Incluso quedar soa na finca, que era grande, dáballe medo”.



Leonisa, a irmá de Angelines, non o tivo doado tampouco. Logo de trasladarse a vivir a Salcedo, o seu pai puxo unha taberna en Poio e era ela a que se tiña que ocupar de atendela:

“Era ela a que atendía a taberna e durmía alí soa e todo, que tiña unha habitación na parte de atrás. Foi alí onde coñeceu o home, que ía tomar o viño, e moitas veces dicía que casou para saír daquel ambiente”.

Cando Leonisa casou, o pai sacou a Antonio, o outro fillo, do instituto para atender a taberna, a pesar de que sacaba Matrículas de Honra. Ao ano seguinte decidiu vender a taberna e a el si que lle dixo que debía volver ao instituto pero o rapaz non quixo. Sendo como era tan bo estudante deulle apuro reencontrarse cos seus compañeiros que xa lle levaban un ano. Tiña unha relación especialmente estreita con José Ángel Fernández Arruti, fillo do alcalde Osorio-Tafall, que tamén padecera a represión co seu pai no exilio, coa súa nai no cárcere e co seu propio arresto domiciliario durante oito meses cando só era un neno de seis anos. Ambos competían para ver quen sacaba mellores notas até que Antonio se viu obrigado a abandonar.

Foi durante a época en que Antonio atendía a taberna cando Josefina, aproveitando a ausencia do home, se empeñou en que Angelines tiña que estudar:

“Cando o meu irmán estaba coidando a taberna a tía dixo que eu ía ir ás clases polas tardes, que había que estudar, e empecei a ir. Tiña o Catón, o Manuscrito e o Corazón, que era de lectura. Axiña aprendín a ler. A mestra púñanos na fila lendo e mandaba parar a unha para empezar a outra, e eu sempre respondía. Lía encantada da vida. Logo púñame leccións para aprender na casa e eu, en vez de aprender esa lección soa, igual levaba preparadas dúas ou tres. Lembro un día que unha delas non a sabía ben, creo que eran tres leccións, e boteime a chorar. Rifoume.

-Por que choras? Iso é egoísmo porque tes ben as outras e só tiñas que saber unha! E non todos estamos brillantes en todo momento.

Falábame así”.

Todo foi ben mentres non necesitou o respaldo do seu pai. Pero cando foi necesario, non se atreveu a pedilo:

“Chegou un día que había que pasar xa á Enciclopedia. Pero había que pedirlle os cartos a papá e, como eu lle tiña tanto respecto porque por moito que lle quixera, daquela cascábanche axiña, e papá levantaba a man... pois non me atrevín. E ningún dos meus irmáns, que menos Antonio xa estaban todos casados, lle dixo que ma mercara. Así que nunca ma mercaron. A mestra dicía:



-Que veña o teu pai falar comigo, porque é unha mágoa, ti vales e con pouco, vas ao instituto e xa te fas mestra.

Pero non... Nunca me atrevín a pedirlllo e deixei de ir”.

Mais as “maestrillas” deixaron para sempre nela o gusto pola lectura:

“Lía de marabilla. A tía mercaba Blanco y Negro xa cando estabamos en Vilatuxe. Ía á feira a Lalín e traía Blanco y Negro. E eu ao mellor atopaba unha revista vella, ou un anaco de xornal e veña a ler. Ía coa vaca e lía”.

Nesa paixón pola lectura atopou aliados inesperados:

“Despois ía buscar o pan de ración á rúa Oliva, á de Irigoyen. Ía alí buscar o pan da ración e dicían:

-Non saes?

-Non, que non me deixan.

-Ai muller! E non che gusta ler?

-Encántame!

-Pois mira, nós se queres prestámosche a colección Pueyo.

E elas prestábanme as novelas de Corín Tellado ou Sergio Duval. Lianas e logo deixábanmas a min. E eu lía moito. Ía coa vaca e co libro, que un día picoulle unha mosca, púxose a saltar e levoume a rastro. Iso que era mansa!”.

Non conseguir a Enciclopedia e non poder facerse mestra non diluíu en Angelines as ganas de aprender e buscou quen lle seguise ensinando:

“Eu era ler, ler, ler e como xa non ía á escola... Estiven un ano ou así, pouco tempo, e mentres estaba alí si escribía pero logo non practicaba. Sabía ler moi correctamente pero non escribir porque tiña o Manuscrito e algo facía, pero pouco. So lía, lía e lía. A caligrafía non a practicaba e, como non escribía ben e tiña faltas de ortografía, fun onde a filla do mestre don José, Concha, que tamén era mestra pero non fixera oposición porque casara e tiña unha nena. Concha vivía na casa que estaba por riba nosa, así que lle dixen se me daba clase, tiña eu dezaseis anos ou así. Dícialle:

-Na hora da sesta, como eu non durmo moito, se me deras clase...

-Si muller, si!

-Dime o que che pago...

-Non! Non tes que pagar nada, vén por aquí.

Pero a tía pagáballe. Eu ía para alí; ela tiña unha nena e as miñas amigas pasaban e víanme. A casa tiña unha escaleira longa, víanme subir e dicíanme:

- Ai! Moito vas á casa de Concha!



-Si, porque como non durmo a sesta e encántame a nena, vou para alí...

Porque me daba vergoña! Como lle ía dicir que estaba a aprender a escribir ben!
Porque elas si foran á escola...

Ensinoume ela a escribir. Despois non cometía faltas de ortografía. Alí facía ditados e ensinoume a escribir sen faltas”.

Tampouco pasalo ben foi doado. Non era só a obriga de traballar desde moi novas ou as retencencias do pai a que proseguisen os seus estudos. Tampouco lles deixaba liberdade no tempo de lecer:

“O meu pai non me deixaba ir ao baile. Gonzalo, o meu irmán, dicíalle que me tiña que deixar saír, que as miñas amigas tamén ían ao baile e el dicía que non, que para bailar había que agarrar á muller e para el iso era o máximo xa”.

Así que houbo que facelo ás agachadas:

“Cando xa fun un pouco maior deixábame ir ao cine, pero eu ía ao cine un domingo e outro ao baile”.

Mesmo se foi ao taller de costura de Rita Sobrido foi porque o seu pai xa non estaba en Pontevedra. Marchara traballar a Zaragoza e a tía Josefina pensaba doutro xeito. Morreu cando Angelines tiña preto de 23 anos. Seis despois casou, aos 29, logo de estar unha tempada en Venezuela, servindo.

De casada, marchou vivir a Vilagarcía e alí sorprendeuna a Transición, que Antonio Jar xa non puido vivir. A súa filla lembra a emoción coa que asistiu a algunhas das primeiras expresións da nova liberdade democrática:

“Cando morreu Franco veu a Vilagarcía o grupo Tábano e fomos velos. Eu tiña doce anos e lembro á miña nai chorando. Dicía: ‘Canto daría porque o vira papá’, porque os de Tábano pasaron polo patio de butacas do cine Arosa coa bandeira republicana. Ela viu iso e empezou a chorar”. [Ángeles Tilve, filla de Angelines.]

O sufrimento provocado na súa familia polo golpe franquista marcou a Angelines e o medo que o réxime impuxo calou fondo:

“Eu empecei o instituto o ano que morreu Franco e era moi radical, iso que lembro a miña nai e a todos:

-Polo amor de Deus, non vos metades en política! Porque foi a desgraza da nosa familia, por Deus!!!”. [Ángeles Tilve, filla de Angelines.]

Angelines sempre mantivo a ideoloxía de esquerdas do seu pai pero os seus irmáns non:



“O tío José era moi de dereitas pero ten unha explicación porque a el quen o deixou mutilado foi o bando republicano, entón tíñalle manía. O meu pai metíase con el, dicíalle:

- Pero a ti quen che subiu a pensión? (Porque era mutilado de guerra e empezou a cobrar ben na época de Felipe González; antes gañaba unha miseria...) -Que che deron os outros?

-Cala!”

O avó foi republicano até morrer, tiña amigos de dereitas, pero non falaba de política, entón non houbo rozamentos co fillo, que ademais xa se fixo tan de dereitas máis tarde”. [Ángeles Tilve, filla de Angelines.]

Si houbo algún rozamento co segundo, Gonzalo, que se fixo Garda Civil:

“Acórdome que papá lle dicía:

-E ti non ves que te fas da Garda Civil e se che dan a orde de que me tes que matar, tesme que matar?

-Aínda que me dean esa orde eu non o mato. Mátome eu antes. Vostede xa sabe que eu non vou...

Porque era por necesidade que se fixo Garda Civil. Porque levaba cinco anos coa moza e tiña que casar. Gonzalo foi Garda Civil porque estivo máis de dez anos na mili. Cando lle tocou estaban tres anos obrigados e, cando pasaron os tres anos e xa o licenciaran, andaban os maquis polo monte e volveron chamar os que xa se licenciaran. Estivo no cuartel de artillería de Campolongo oito anos e non puido estudar nin aprender oficio... levaba cinco anos coa moza, coa que casou despois, e entón houbo unhas oposicións para Garda Civil e foi a Torrelavega á escola da Garda Civil para sacalas. Papá era amigo do brigada Centeno da Garda Civil, que estaba nas oficinas, no cuartel vello, e Centeno díxolle:

-Déixeo ir que cando veña ímolo mandar tres meses para Cambados. Mandámolo uns meses a Cambados para despistar e logo traémolo para aquí. E tívoo nas oficinas con el até que se xubilou”.

Di a súa sobriña que Gonzalo Jar era unha das persoas que menos encaixaba no rol de garda. De feito, fixo máis de administrativo que de axente da orde:

“Non quixo ascender nunca para non ter que saír da oficina porque era a persoa que menos te imaxinas coa arma na man. Se o mandan saír e ten que deter alguén ou así, morre. Estivo de oficinista sempre e non tivo necesidade. Pero aos fillos debeu gustarlle o uniforme e o ambiente... que os dous acabaron na Garda Civil”. [Ángeles Tilve, filla de Angelines Jar.]

Iso si, as ideas do avó quedaron no sangue do fillo de Gonzalo:

“O pai non o fixo por vocación, senón por necesidade e Gonzaliño era de esquerdas, moi de esquerdas, e galeguista. Por iso, estando xa nos tempos de Aznar, atrasáronlle todo o que puideron o seu ascenso a Xeneral”.

Pasaran corenta anos pero a represión seguía mudando a vida dos Jar.